

## Persoeiro do mes: Isidro Parga Pondal



Isidro Parga Pondal foi un eminente xeólogo, a primeira figura de relevancia neste campo científico que tivemos en Galicia, e un dos científicos galegos de maior relevancia mundial.

Naceu en Laxe no ano 1900. Procedía de familias burguesas de grande sona. Era sobriño-neto do noso grande poeta Eduardo Pondal e neto do médico Isidro Pondal Abente. Pola parte paterna, era fillo de José Parga Casal e neto de Salvador Parga Torreiro, doutor e catedrático de dereito pola universidade de Santiago de Compostela, respectivamente.

Estudou o bacharelato en Santiago de Compostela, e a carreira de Ciencias Químicas en Madrid, que remata en 1922. Obtivo unha praza de profesor axudante de Química Inorgánica e Analítica na Facultade de Ciencias de Santiago de Compostela. Desde entón, xa comezara a publicar os seus traballos sobre a xeoquímica de Galicia na sección de Ciencias da publicación do Seminario de Estudos Galegos, do que era membro. Nesta época xa estaba en pleno contacto co ambiente cultural do galeguismo. No 1925 casa con Adelina Peinador Porrúa, filla de Enrique Peinador Lines, propietario do Balneario de Mondariz e destacado filántropo galeguista.

Nese momento, comeza a realizar os seus estudos de doutoramento, marchando para Zürich, e volta a Santiago no 1933. A partir de entón, converteuse nun importante profesor e investigador no campo da Xeoquímica. Na Facultade de Ciencias de Santiago de Compostela impartía varias cadeiras e tamén contribuía a modernizar o ambiente da universidade, en virtude da súa experiencia no estranxeiro e as súas ideas progresistas. Por exemplo, foi dos primeiros impulsores da participación da muller no ámbito académico. Presenta a súa tese de doutoramento no ano 1934 en Madrid, conseguindo a cualificación de sobresaliente *cum laude*.

Ademais da súa faceta como científico, era unha persoa vinculada ao mundo da intelectualidade galeguista. Como xa mencionamos, era membro do Seminario de Estudos Galegos. Tamén mantiña unha amizade persoal con Castelao. As súas ideas eran marcadamente de esquerdas e galeguistas. Isto custoulle a expulsión do seu posto na Universidade coa chegada da ditadura Franquista. Como consecuencia, retirouse para a súa vila natal, Laxe, onde se puxo á fronte dunha empresa mineira na que a súa familia tiña participación (Kaolines de Lage, S.A.) xunto cos irmáns Fernández López. No 1940 fundaría o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, onde traballou durante catro

décadas. Desde este laboratorio continuou desenvolvendo a súa actividade científica, inicialmente con grande precariedade de medios. Desde aquí colaborou co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España no ano 1945, coa universidade de Leiden no 1954, e posteriormente coas de Montpellier, Estrasburgo, Munster, Zürich e Lisboa.

Foi rehabilitado pola Universidade de Santiago no ano 1983 e investido doutor *honoris causa*. Faleceu na Coruña, en 1986.

A súa obra científica está constituída por centos de traballos nos campos da xeoloxía e xeoquímica, os mapas xeolóxicos de Galicia (1963) e os das catro provincias, así como o da Península Ibérica (1970). O seu coñecemento tamén tivo importante repercusión no ámbito empresarial, pois descubriu diversas fontes de rochas calcaria na zona de Sarria e Lóuzara (Lugo) que permitiron crear a primeira cementaría galega (Cementos do Noroeste S.L.) e proporcionaron de materia prima para aditivos agrícolas e insecticidas á empresa agro-farmacéutica Zeltia.

Recibiu múltiples recoñecementos, entre eles o Pedrón de Ouro (1965), o premio de Ciencias da deputación da Coruña (1972), presidente honorario da Academia de Ciencias de Galicia, e o premio Trasalaba (1984).

## **Bibliografía**

*Isidro Parga Pondal, empresario e científico*. González X., Galicia Confidencial. 2015.

*O coñecemento da xeoloxía de Galicia a través das pegadas de Isidro Parga Pondal no Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela*. García, C.; Bugallo, A.; Guerra, X. En: VII coloquio galego de museos. Museos: construíndo a comunidade. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos, 2002. P. 155-164.

*Galicia ten un referente: Isidro Parga Pondal*. Gurriarán Rodríguez, R. Deputación Provincial da Coruña, 2014.